

O acento diacrítico

LEMBRA

O **acento diacrítico** úsase para diferenciar palabras que se escriben igual, pero que teñen significados distintos.

Moitas veces estes pares de palabras diferéncianse, ademais, pola súa pronuncia. Na maioría dos casos, o acento diacrítico marca que a vogal tónica sobre a que recae ten unha pronuncia aberta, fronte á vogal tónica da palabra que non leva acento, que ten unha pronuncia pechada.

1 Volve escribir as oracións colocándolles o acento diacrítico ás palabras destacadas que o precisen.

- Pola rúa adiante hai unha ringleira de árbores de **polas** baixas.

Pola rúa adiante hai unha ringleira de árbores de pólas baixas.

- O paxaro ten unha **das as** ferida e non **da** voado.

O paxaro ten unha das ás ferida e non dá voado

- Ese **te** inglés trouxérao cando **fora a** Londres, non **te** lembras?

Ese té inglés trouxérao cando fora a Londres, non te lembras?

- Luís sempre leva dobre **no nos** amallós dos zapatos.

Luís sempre leva dobre nó nos amallós dos zapatos.

- Tes que **por mais** atención: **por** andar **as presas**, sempre **te** equivocas.

Tes que pór máis atención: por andar ás presas, sempre te equivocas.

2 Arrodea en cada caso o nome correcto do elemento representado.



bolas / **bólas**



óso / **oso**



pola / póla



chá / cha